

AS EXTERNALIDADES NO IES DE MELIDE: O AFORRO ENERXÉTICO

Sempre que explico aos meus alumnos de Economía de primeiro de bacharelato o concepto de "externalidade" empregamos polo menos dúas horas en lograr entendelo, pero pode pasar o curso enteiro sen que comprendan as implicacións que teñen para a calidade de vida e o entorno.

Para entendernos, unha "externalidade" ou efecto externo desde o punto de vista da economía ocorre cando como con-

fora tan caro e contaminase menos.

Aínda que o concepto de Externalidade procede da economía, a súa aplicación supera os seus límites e pódese aplicar a todas aquelas actividades cuxas consecuencias para o conxunto da sociedade son superiores ás que teñen para os que as realizan. Un caso moi frecuente de externalidade é o desaproveitamento dos recursos de todo tipo que ten lugar na nosa vida cotiá, tanto no traballo como na casa, no IES ou no noso tempo libre, desde o gasóleo ata o papel, pasando pola auga, luz, calefacción, etc.


En relación con todo isto, os alumnos de primeiro de bacharelato e de primeiro ano de madeira

da habitación. O uso innecesario do coche ou moto tamén é algo moi comentado, cando se colle para facer pequenos desprazamentos, ou se utiliza para facer o "tolo" por aí adiante.

Todos estes despilfarros teñen en común unha cousa, que causan un prexuízo ó conxunto da sociedade superior ó custo que lle supón aos seus autores, é dicir, constitúen, desde o punto de vista económico, unha externalidade. Cando deixamos unha billa aberta e a auga correndo, no só estamos aumentando a factura da auga senón que tamén estamos desperdiciando un recurso moi útil. O mesmo podemos dicir da calefacción acesa máis tempo do necesario: non só aumenta a factura do gas senón tamén a contaminación e contribúe ó esgotamento dun recurso moi limitado.

Cando falamos do malgasto e da contaminación tendemos a pensar só nas grandes empresas e industrias como as protagonistas desta desfeita. Non temos en conta que no planeta somos cincuenta mil millóns de persoas e se todas estamos a dilapidar recursos de esta maneira dentro de pouco non quedará planeta sobre o que habitar. De feito, se todo o planeta consumira ao ritmo que consumimos os que vivimos nos países máis desenvolvidos farían falta 3,1 planetas coma o noso para poder atender ás nosas necesidades, é dicir, non quedaría nada para os nosos fillos.

Facer fronte a esta situación e reducir as externalidades xeradas na nosa vida cotiá é algo relativamente sinxelo de facer, só hai que tomar conciencia das consecuencias que para o medio teñen as nosas accións e ser un pouco máis coidadoso. Vainos a vida niso, a nosa e a das futuras xeracións.



¿Que fan as luces acesas se só hai dúas persoas na clase?

secuencia do comportamento dunha empresa ou dunha persoa xerarse para o conxunto da sociedade un prexuízo ou un beneficio superior ao custo ou beneficio que supón para a empresa ou persoa que desenvolve dito comportamento.

Así, por exemplo, o consumo de gasóleo polas empresas de transporte supón unha externalidade, en este caso negativa, pois a empresa, ademais de ter que pagar polo seu uso, como consecuencia da súa utilización xera contaminación do aire que respiramos todos. Se a empresa tivese que pagar cando utiliza o gasóleo non só pola cantidade de consumo senón tamén pola contaminación que xera, o custo da utilización deste combustible sería moi superior ao actual e as empresas tratarían de utilizar un combustible que non

fixeron durante unha semana un breve diario no que ían relatando as súas impresións sobre os casos de despilfarro que observaban tanto no instituto como na súa casa. En xeral os casos máis comentados no tocante ó instituto soen ser o malgasto de gasóleo, ao abrir as ventás das clases estando a calefacción acesa, ou prender as luces cando hai luz natural dabondo para traballar; sen falar do mal uso que se fai do material escolar: papel, lapis, xices, que curiosamente sempre soen aparecer tiradas polo chan ao final da clase (antes preguntábame cómo poderían chegar os xices ata o fondo da clase, pero agora xe teño unha explicación). Nas casas a situación varía, algúns estragan auga e luz sen darse conta ou por descoido: pasan moito tempo na ducha, deixan acesa a televisión ou as luces